

E D I T O

Habéndose solicitado desta Alcaldía por Electro Industrial Tedoldi, S.L., licencia municipal para a apertura dun establecemento dedicado a venta e reparación de motores e aparatos eléctricos e accesorios, a emprazar no Polígono Industrial A Grana, parcelas 158 e 159, desta localidade, cumprindo o disposto polo apartado a), do número 2 do art. 30 do Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas de 30 de novembro de 1961, sométese a información pública por período de dez días hábiles, a fin de que durante o mesmo —que empezará a contarse desde o día seguinte ó da inserción do presente edito no Boletín Oficial da provincia—, poda examinarse o expediente AM/33/01, na Secretaría deste Concello, sección de urbanismo, polas persoas que de algún modo se consideren afectadas pola actividade que se pretende instalar e formular por escrito as reclamacións ou observacións que se estimen oportunas.

O Porriño, 23 de maio de 2001.—O Alcalde, José Manuel Barros González. 4801

* * *

P O I O

A N U N C I O

REGULAMENTO DA AGRUPACION MUNICIPAL DE VOLUNTARIOS DE PROTECCION CIVIL DE POIO

O non presentarse reclamación ningunha contra o acordo do Pleno desta Corporación de data 27 de marzo de 2001, relativo á aprobación inicial da modificación do Regulamento da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Poio, o acordo queda elevado a definitivo, de conformidade co art. 49 c) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. A Continuación publícase o texto íntegro do regulamento.

I N T R O D U C C I O N

En orde á realización de actividades diversas para a protección civil en situacións de emerxencia, os concellos e os alcaldes teñen competencias en materia de protección civil, segundo o establecido nos artigos 25.2c) e 21.1 y) da Lei 7/ 1985, de 2 de abril, Regulamentada das bases de Réxime Local e artigos 80, 81 e 92 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.

O exercicio destas competencias ten que levarse a cabo fundamentalmente mediante actuacións dos concellos e dos alcaldes coa colaboración dun concelleiro delegado de protección civil, así como coa intervención coordinada dos servizos municipais dedicados de modo ordinario e permanente ó cumprimento de fins coincidentes coas necesidades de-

rivadas das situacións de emerxencia nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública.

Así mesmo, nos números 3 e 4 do artigo 30 da Constitución española, determínase que poderá crearse un Servicio Civil para o cumprimento de fins de interese xeral e que mediante lei regularanse os deberes dos cidadáns nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, polo que parece necesario que, sen prexuízo do establecido na lexislación regulamentadora do Servicio Civil e da Protección Civil sobre canto antecede, contémpense os recursos municipais anteditos coa incorporación dos cidadáns ás actividades que desenvolva a protección civil municipal; ofrecéndolles así oportunidades para asumir e realizar, voluntariamente, o cumprimento dos deberes que a Constitución lles atribúe nas circunstancias aludidas anteriormente.

Por outra banda, a Lei 2/1985, de 21 de xaneiro, sobre Protección Civil e o Real Decreto 407/1992, de 24 de abril, que desenvolve a Norma Básica en distintas partes do seu artigo recolle a participación, responsabilidade e competencias das diferentes administracións públicas na Protección Civil, tendo un papel importante os concellos que por se-la administración máis achegada ós cidadáns convértese na célula básica de protección civil sendo a primeira en intervir en cantas emerxencias ocorran.

Abundando na normativa, temos que recolle-lo establecido no Decreto 56/2000, do 3 de marzo, e no Plan Territorial de Protección Civil da Comunidade Autónoma de Galicia (Platerga), recollido como anexo do citado decreto, onde se establecen, entre outras, as directrices para a planificación de ámbito local, así como os cometidos que poden desenvolver as agrupacións de voluntarios no estudio e desenvolvemento dos distintos plans de emerxencia.

Para articula-las oportunidades de colaboración dos cidadáns, individualmente considerados, coa protección civil municipal, parece conveniente regular-la organización e funcionamento da Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Poio que se vinculará ós servizos básicos de intervención en emerxencias dependentes do concello para realiza-las tarefas que procedan, sen prexuízo do que poida establecerse nas leis sobre prestación persoal e de servizos con carácter obrigatorio.

En virtude do exposto e previo acordo do concello, apróbase o regulamento da Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Poio que se transcribe seguidamente.

**CAPITULO I
FINALIDADE**

Artigo 1.—A protección civil municipal ten como fin establecer unha organización en base ós recursos municipais, contando coa colaboración

das entidades privadas e dos cidadáns, para garanti-la coordinación preventiva e operativa respecto da protección de persoas e bens ante os danos producidos polas situacións de emerxencia nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública, sen esquecer todo tipo de emerxencias menores, mediante a realización de actividades que permitan evita-las mesmas, reduci-los seus efectos, reparalos danos e, no seu caso, contribuír a corrixilas causas productoras dos mesmos.

Artigo 2.—A organización e funcionamento da Agrupación Municipal de Voluntarios de Protección Civil, en adiante AVPC, como modalidade de incorporación dos cidadáns ás actividades de protección civil, rexeráse polo establecido no presente regulamento, así como polas instrucións e directrices que, a efectos de coordinación xeral e participación no desenvolvemento ou execución dos plans, programas ou actividades no sistema autónomo de protección civil, sexan dictadas polo órgano da Comunidade Autónoma competente nesta materia, e demais administracións públicas de ámbito superior conforme establécese na Norma Básica de Protección Civil.

CAPITULO II ORGANIZACION

Artigo 3.—Poderán incorporarse á AVPC como voluntarios operativos tódolos veciños maiores de 18 anos que cumpran os requisitos de acceso que poidan establece-las agrupacións sen que en ningún caso poida facerse discriminación por razóns de sexo, políticas, ideolóxicas, relixiosas ou calquera outra circunstancia persoal ou social.

Así mesmo, as persoas maiores de 16 anos e menores de 18, sempre que conste a autorización do que exerza a patria potestade ou tutela, poderán formar parte da agrupación como voluntarios de apoio.

Artigo 4.—Os veciños con formación e experiencia suficiente no exercicio profesional ou vocación relacionada con algunha das entidades deste servizo público, e que por determinadas circunstancias non poidan ser voluntarios operativos, poderán estar unidos á agrupación mediante a figura de colaborador en misións de orientación, asesoramento, asistencia técnica ou axuda económica. A figura de colaborador pódese facer extensiva a aquelas entidades locais que desexen colaborar coa agrupación en calquera dos apartados mencionados anteriormente.

Artigo 5.—A vinculación dos voluntarios co concello non ten o carácter de relación laboral, administrativa, funcional ou mercantil, senón tan só de colaboración voluntaria para a prestación de servizos de maneira altruista como medio de realización de accións humanitarias de solidariedade social e boa veciñanza.

Artigo 6.—A incorporación á agrupación farase sempre en virtude de solicitude do interesado, na que declarará non estar inhabilitado para funcións públicas por sentenza firme e o compromiso de coñecer e acepta-lo contido deste regulamento, así como o disposto na normativa vixente sobre protección civil.

Artigo 7.—A condición de membro da AVPC facultará unicamente para realizalas actividades correspondentes á mesma, especialmente en situacións de emerxencia nos casos de grave risco, catástrofe ou calamidade pública e nos operativos organizados e coordinados pola Agrupación. Os voluntarios non poderán realizar actividades de carácter persoal amparándose na pertenza á agrupación.

Artigo 8.—As funcións do voluntariado, entre outras, son as de promoción da prevención e auto-protección cidadán, así como a colaboración, auxilio e apoio dos servizos públicos de protección civil e, en todo caso, serán as indicadas no Plan de Emerxencia Municipal (PEMU) e demais plans de protección civil do sistema autónomo, aprobados pola Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 9.—A agrupación estruturarase, orgánica e funcionalmente, en seccións de acordo ás necesidades existentes no concello e, en todo caso, disporá das seccións correspondentes en consonancia coa tipoloxía de riscos definidos no Pemu e, se é o caso, no Platerga.

Artigo 10.—Tódalas actuacións que realice a AVPC en materia de protección civil no ámbito local, serán sempre autorizadas e coordinadas, ou se é o caso dirixidas, pola autoridade local correspondente ou persoal en quen delegue.

Artigo 11.—O presidente da AVPC, e demais cargos que estatuariamente se prevexan, será elixido democráticamente entre os membros que teñan a condición de voluntarios de pleno dereito, de acordo ó establecido na lexislación vixente. Sendo a duración do mandato de catro anos, podendo ser reelixido para novos mandatos.

Artigo 12.—Tódolos compoñentes da agrupación ostentarán, sobre o lado esquerdo do peito, o distintivo de Protección Civil da Comunidade Autónoma e no lado dereito a tarxeta de identidade de voluntario, de acordo co disposto na normativa vixente ó efecto.

Artigo 13.—A AVPC contratará un seguro de accidentes, así como de responsabilidade civil por danos a terceiros, que ampare os seus membros fronte ós riscos a que están sometidos no exercicio das súas funcións.

CAPITULO III FORMACION E PERFECCIONAMENTO

Artigo 14.—A actividade formativa e de perfeccionamento do persoal voluntario conforme ó disposto no Decreto 56/2000, de 3 de marzo, artícularase da seguinte maneira:

1) O nivel básico corresponde ós coñecementos mínimos que debe posuir un voluntario de protección civil para o correcto desenvolvemento das súas actividades.

2) O segundo nivel ou nivel operativo correspondente ós coñecementos que deben posuílos compoñentes das distintas seccións ou grupos operativos das AVPC.

3) O terceiro nivel ou nivel de especialidade ten como obxectivo a obtención da titulación oficial en determinadas actividades. Os cursos axustaranse ós oficiais dos organismos que os impartan.

4) Ademais da formación regulada, a AVPC Poderá propoñer outros cursos, xornadas e cantas actividades de formación considere oportunas.

5) A actividade formativa complementarase coas seguintes accións:

- a) Exercicios prácticos con carácter periódico para a mellora permanente da preparación dos compoñentes da agrupación.
- b) A organización de bibliotecas e fondos de comunicación sobre protección Civil e, especialmente, en relación coa organización e funcionamento de agrupacións de colaboradores voluntarios e outras modalidades de participación cidadán nas actividades de protección civil.
- c) O mantemento de relacións de colaboración mutua con outras administracións públicas ou entidades privadas relacionadas con protección civil.
- d) A edición, colaboración, promoción de publicacións e a divulgación de recomendacións á poboación, sobre temas de protección civil.

CAPITULO IV DEREITOS E DEBERES

Artigo 15.—Son dereitos dos voluntarios de protección civil no exercicio do seu labor de colaboración:

- a) Recibi-la información, formación, orientación, apoio e, se é o caso, medios materiais necesarios para o exercicio das funcións que lle asignen.
- b) Dispoñer dunha acreditación identificativa da súa condición de voluntario de protección civil.
- c) Emprega-la vestimenta homologada polo organismo competente en materia de protección civil da Xunta de Galicia.

- d) Realiza-la súa actividade nas debidas condicións de seguridade en función da natureza e características daquela.
- e) Participar na elección do presidente da AVPC de entre os seus membros e demais cargos que estatuariamente se prevexan.
- f) Ser tratados sen discriminación, respectando a súa liberdade, dignidade, intimidade e crenzas.
- g) Non ser asignados á execución de tarefas alleas ós fins e natureza da entidade.

Artigo 16.—Son deberes dos voluntarios no exercicio do seu labor de colaboración:

- a) Gardar, cando proceda, confidencialidade da información recibida e coñecida durante o desenvolvemento da súa actividade como voluntario de protección civil, mantendo segredo análogo ó profesional.
- b) Rexeitar calquera tipo de contraprestación económica que puidese recibir dos cidadáns afectados directa ou indirectamente polas actividades desenvolvidas.
- c) Actuar de forma dilixente e solidaria, cumprindo coas indicacións e normas dictadas polos seus mandos naturais e as autoridades de protección civil.
- d) Participar nas tarefas formativas previstas pola autoridade competente de protección civil ou pola AVPC, así como nas que con carácter permanente se precisen para mante-la calidade das prestacións.
- e) Empregar axeitadamente a vestimenta de protección civil cos seus distintivos, así como levar ben visible a súa acreditación.
- f) Coidar e utilizar de xeito adecuado os recursos e medios materiais que poña a súa disposición a AVPC, ou, de se-lo caso, as autoridades de protección civil.
- g) No suposto de causar baixa na AVPC por calquera circunstancia, entregará a tarxeta de identidade e o uniforme ó responsable da AVPC, así como o material asignado a súa custodia.
- h) Cumprí-los compromisos acordados coa AVPC, respectando o disposto nos seus estatutos.

Artigo 17.—As AVPC deberán:

- a) Respostar a principios democráticos e participativos na composición dos seus órganos e no seu funcionamento.
- b) Proporcionar ás persoas voluntarias a formación específica e a orientación necesaria para o exercicio das súas actividades.
- c) Garantir ós voluntarios as debidas condicións de seguridade e saúde no desenvolvemento da súa actividade, así como o estable-

cemento das correspondentes medidas de prevención de riscos.

- d) Certifica-la actividade das persoas voluntarias con constancia dos seus datos persoais identificativos e a duración e natureza da actividade desenvolvida.
- e) Informar ás persoas voluntarias sobre os fins e réxime de funcionamento da AVPC.
- f) Facilita-la participación do voluntariado na elaboración, deseño, execución e avaliación dos programas nos que interveñen.

CAPITULO V RECOMPENSAS E SANCIONS

Artigo 18.—As condutas dos compoñentes da AVPC serán obxecto de valoración polos procedementos que se establezan nas correspondentes instrucións de desenvolvemento deste regulamento. Distinguiranse como proceda as condutas meritórias e sancionarse, de conformidade co establecido neste regulamento, as infraccións ó previsto no mesmo.

As recompensas e sancións anotaranse no expediente persoal do interesado.

Artigo 19.—As sancións meritórias que impliquen un nivel de dedicación superior ás actividades ordinarias do servizo (ou riscos para a vida e a integridade dos voluntarios), poderán ser recompensadas co recoñecemento público mediante o correspondente escrito da alcaldía ou a formulación pola mesma de proposta para a concesión das medallas ó mérito, ás placas e diplomas de protección civil da Comunidade Autónoma de Galicia, ou outras distincións que poidan concederlas distintas Administracións públicas ou o concello, no seu caso, para premiar actos desta natureza especial.

Artigo 20.—As infraccións ó disposto neste regulamento sancionaranse previa tramitación do correspondente expediente, unha vez escoitado o interesado que poderá en todo momento facerlas alegacións oportunas.

As faltas considéranse leves, graves e moi graves.

1.—Estimaranse como faltas leves e serán sancionadas con apercibimento ou suspensión de ata un mes, atendendo ás circunstancias que concorran, as seguintes:

- a) O descoido na conservación e mantemento do equipo e material que tivera ó seu cargo no cumprimento das misións encomendadas.
- b) A desobediencia ós mandos, cando isto supoña mal trato de palabra e obra e non afecte ó servizo que deba cumprirse.
- c) As demais infraccións ou omisións, con carácter leve, ó presente regulamento.

2.—Consideraranse faltas graves e serán sancionadas coa suspensión dende un a seis meses, atendendo ás circunstancias que concorran, as seguintes:

- a) Negarse ó cumprimento das misións que lle sexan encomendadas sen causa.
- b) A utilización, fóra dos actos propios do servizo, do equipo, material e distintivos de protección civil.
- c) O deterioro ou perda, por negligencia, do equipo, material, bens ou documentos do servizo ó seu cargo e custodia.
- d) As omisións ou infraccións graves ó preceptuado neste regulamento e en particular no seu artigo 9º.
- e) A acumulación de tres faltas leves.

3.—Serán causas de expulsión, como consecuencia de falta moi grave, as seguintes:

- a) Deixar de cumprir, sen causa xustificada, as esixencias do servizo.
- b) Observar mala conduta ou ser sancionado reiteradamente por faltas graves.
- c) Ser condenado por calquera acto delictuoso agás das condenas derivadas de accidentes de circulación.
- d) Utilizar ou exhibir indebidamente o uniforme e/ou as identificacións do servizo.
- e) A agresión de palabra ou obra a calquera membro da agrupación e a desobediencia que afecte á misión que deba cumprir.
- f) Negarse a cumprir-las sancións de suspensión que lle foran impostas.
- g) O incumprimento moi grave do establecido no presente regulamento e en especial o disposto no seu artigo 9º.

CAPITULO VI RESCISION DO VINCULO COA AGRUPACION

Artigo 21.—A relación de colaboración voluntaria coa agrupación terminarse por:

- a) Petición do interesado.
- b) Falecemento
- c) Declaración de incapacidade.
- d) Solicitude de baixa temporal ou definitiva.
- e) Perda dalgunha das condicións esixidas para poder ser voluntario.
- f) Quedar incurso en situación de inhabilitación para o exercicio de cargos públicos por sentenza firme.

Artigo 22.—Considérase baixa temporal na AVPC a suspensión da actividade na mesma como consecuencia de sanción ou a ausencia inferior a tres meses que teña motivos xustificadas que sexan comunicados oportunamente.

Artigo 23.—Serán causas de baixa definitiva na agrupación as seguintes:

- a) A petición do interesado.
- b) Incomparecencia do voluntario por tempo superior a tres meses, sen causa xustificada, á actividade ordinaria ou especial que lle corresponda.
- c) Por incumprimento dos servicios mínimos esixidos.
- d) Como consecuencia da comisión de falta considerada como moi grave de acordo co recollido no artigo 24º, III, deste regulamento.

Artigo 24.—Acordada a baixa seralle notificada ó interesado, garantíndolle o dereito de audiencia, e unha vez sexa feita efectiva o voluntario procederá á inmediata entrega da documentación de identidade, distintivo, uniforme, equipo e material que lle fora adxudicado pola agrupación.

Artigo 25.—En todo caso expedirase, a petición do interesado, un certificado no que consten os servicios prestados na AVPC e a causa pola que se acordou a baixa.

CAPITULO VII ORGANOS DE GOBERNO

Artigo 26.—O goberno da Asociación, estará a cargo da Asemblea Xeral e Xunta Directiva.

Artigo 27.—A Asemblea Xeral estará constituída por tódolos compoñentes desta Asociación.

Artigo 28.—A Asemblea Xeral, válidamente constituída, é o órgano soberano da Asociación e os seus acordos, adoptados segundo a estes Estatutos, son obrigatorios para tódolos integrantes da Asociación

Artigo 29.—As Asembleas Xerais poderán ser Ordinarias e extraordinarias.

A Asemblea Xeral Ordinaria, realizarase unha vez cada ano e a Extraordinaria cando a solicite un vinte por cento dos compoñentes da Asociación ou por acordo da Xunta Directiva.

Artigo 30.—As Asembleas Xerais Ordinarias e Extraordinarias convocaranse por comunicado do Presidente da Xunta Directiva, mediante notificación polo medio máis adecuado ós intereses da Asociación, con quince días naturais de antelación a data sinalada para a reunión, expresándose na convocatoria, se procederá, a data e hora na que terá lugar a reunión en segunda convocatoria. A comunicación da convocatoria consignará o lugar local data e hora na que se vaia realiza-la asemblea e os asuntos que se vaian tratar, segundo a orde do día acordado pola Xunta Directiva.

A Xunta directiva recollerá no apartado de rogos e preguntas, tódalas propostas que por escrito, cando menos tres días antes da data sinalada

para a reunión, formularán os compoñentes da Asociación.

Así mesmo, por razóns de urxencia, poderán debaterse cuestións propostas no curso da reunión, se así o decidira un mínimo do vinte por cento dos asistentes á mesma.

Artigo 31.—A Asemblea Xeral quedará válidamente constituída, en primeira convocatoria, cando nela se encontren presentes a metade máis un dos seus membros, e en segunda convocatoria, calquera que fora o número de asistentes.

Artigo 32.—A Presidencia de tódalas Asembleas Xerais, corresponderá ó Presidente da Asociación e, en ausencia deste, ó Vicepresidente.

A Mesa da Asemblea quedará integrada polos compoñentes da Xunta Directiva, actuando como Secretario o da Xunta. Os acordos que adopte a Asemblea serán por votación da maioría simple agás naqueles casos nos que estes Estatutos esixen maioría cualificada.

A modalidade das votacións quedará a criterio da propia Asemblea.

Cada compoñente da Asociación, ten dereito a un voto.

Artigo 33.—Son funcións e competencias da Asemblea Xeral:

- a) Adoptar acordos relativos á representación xestión e defensa dos intereses da Asociación e dos seus compoñentes.
- b) Aproba-los programas e plans de actuación.
- c) Elixir e revoca-lo mandato ós membros da Xunta Directiva e ó Presidente da Asociación, así como fixa-la duración do mandato.
- d) Coñece-la xestión da Xunta Directiva.
- e) Fixa-los medios económicos con que se dotará a esta Asociación, para o seu normal funcionamento.
- f) Aproba-los presupostos e liquidacións de contas.
- g) Aprobar ou reforma-los Estatutos.
- h) Acordala disolución da Asociación.
- i) Coñecer e resolve-las reclamacións e recursos formulados polos Asociados.

Artigo 34.—Das reunións da asemblea xeral levantarase acta, estendéndose nun libro ó efecto, asinada polo Presidente e o Secretario.

Artigo 35.—A Xunta Directiva é o órgano encargado da dirección, goberno e administración da Asociación, estará integrada por un presidente que será á súa vez o da Agrupación, un vicepresidente, un secretario, un tesoureiro e cinco vocais, elixidos pola asemblea xeral.

Artigo 36.—A Xunta Directiva reunirse en sesión ordinaria unha vez ó trimestre como mínimo.

Reuníndose tamén en sesión extraordinaria nos casos en que o solicite a terceira parte dos seus compoñentes ou por iniciativa do Presidente.

O Presidente da Xunta Directiva, que será o da Asociación, convocará o seus membros, con oito días naturais de antelación á data fixada para a reunión, remitíndolle a orde do día dos asuntos a tratar, por razóns de urxencia poderanse tratar asuntos con contidos no mesmo.

Artigo 37.—A Xunta Directiva considerárase validamente constituída cando concorran á reunión a metade máis un dos membros e estean presentes o Presidente e o Secretario ou quén os substitúan.

Para a adopción de acordos requirirase o voto favorable da metade máis un dos membros da xunta directiva asistentes. As discusións e acordos das sesións tanto ordinarias como extraordinarias da Xunta Directiva, faranse constar nas actas que, asinadas polo Presidente e o Secretario, levaranse ó correspondente Libro de Actas.

Artigo 38.—A Xunta Directiva terá as facultades e funcións seguintes:

- a) A execución e cumprimento dos acordos da Asemblea Xeral.
- b) Realizar e dirixi-las actividades da Asociación necesarias para e exercicio e desenvolvemento dos seus fins.
- c) Propoñer á Asemblea Xeral os programas de actuación Xeral e específicos e realizar os xa aprobados, dando conta do seu cumprimento á Asemblea Xeral.
- d) Elixir entre os seus compoñentes ó Secretario e Tesoureiro da Asociación, así como dos seus respectivos suplentes.
- e) Presentar á Asemblea Xeral os presupostos, balances, liquidacións de contas e propostas.
- f) Elabora-la memoria anual de actividades que deberá someter, para a súa aprobación, a Asemblea Xeral.
- g) Decidir en materia de cobros e ordenación de pagos, así como de ordenación de libramentos.
- h) Inspeccionar e velar polo normal funcionamento dos servicios.
- i) Inspecciona-la contabilidade, así como a mecánica de cobros e pagos, sen prexuízo das facultades do Tesoureiro.
- l) Adoptar acordos referentes a contratación de bens e servicios, exercicio de acción e outorgamento de poderes.
- m) Realizar informes e estudos de interese para os afiliados.
- n) En casos de estrema urxencia, adoptar decisións sobre asuntos que son de competencia da Asemblea Xeral, dándolle conta na primeira sesión que esta realice.

Artigo 39.—O Presidente da Asociación será elixido e revocado no seu mandato pola Asemblea Xeral e presidirá esta e maila Xunta Directiva.

Artigo 40.—Son funcións e atribucións do Presidente:

- a) Presidi-la Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.
- b) Dirixi-los debates e a orde das reunións.
- c) Representa-la Asociación, subscribir contratos e outorgar poderes de executar toda clase de accións coa debida autorización da Xunta Directiva.
- d) Render anualmente informe da súa actuación e da Asemblea Xeral.
- e) Propoñer á Xunta Directiva o nomeamento de cargos técnicos que sexan necesarios para as actividades da Asociación.

Artigo 41.—O Secretario da Asociación levantará Acta das reunións que realicen os órganos rectores da mesma e terá ó seu cargo a dirección do persoal e dos servicios.

CAPITULO VIII REXIME ECONOMICO

Artigo 42.—Os recursos financeiros da Asociación estarán integrados por:

- a) As cotas des membros da Asociación.
- b) As doazóns e legados en favor da mesma.
- c) As subvencións que poidan serlle concedidas.
- d) Calquera outros recursos obtidos de conformidade coas disposicións legais e preceptos estatutarios. Para cada exercicio económico formarase o presuposto ordinario de ingresos e gastos, con suxeición ás normas contidas nos presentes Estatutos.

Artigo 43.—As normas para a administración e contabilidade serán as de contabilidade pública local, sendo ordenador de pagos o Presidente da Asociación.

O Tesoureiro intervirá tódolos documentos de cobros e pagos e supervisará a contabilidade.

O Tesoureiro, coidará da conservación de tódolos fondos na forma que dispoña a Xunta Directiva e asinará tódolos documentos de cobros e pagos.

CAPITULO IX DISPOSICIONS FINAIS

1ª.—Pola Alcaldía, ou concelleiro delegado de protección civil, dictaranse as instrucións e directrices que sexan necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste regulamento.

2ª.—Este regulamento entrará en vigor unha vez que se publique no BOP e transcorran 15 días hábi-

les, de conformidade co disposto no art. 70.2 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Poio 31 de maio de 2001.—O Alcalde, ilexible.

4780

A N U N C I O

Aprobado pola Comisión de Goberno deste Concello o prego de cláusulas administrativas que rexerán no concurso, con procedemento aberto, trámite ordinario, para a contratación das obras comprendidas no proxecto de “Saneamento Cidrás-Xuviño (Combarro)” POL/01, expónse ó público durante o prazo de oito días contados a partir do seguinte ó da última publicación deste anuncio no BOP ou no DOG, para que se poidan presentar alegacións.

Simultaneamente anúnciase o concurso, aprazándose a licitación se se producisen reclamacións ó prego.

ENTIDADE ADXUDICADORA

- a) Organismo: Concello de Poio.
- b) Dependencia: Secretaría.

OBXECTO DO CONTRATO

- a) Descrición: A contratación da execución das obras incluídas no proxecto indicado.

TRAMITACION, PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACION

- a) Tramitación ordinaria.
- b) Procedemento aberto.
- c) Forma: concurso.

TIPO DE LICITACION

23.273.630 ptas. (IVE engadido).

DURACION DO CONTRATO

Seis meses.

GARANTIAS

Definitiva por importe do 4% do tipo.

INFORMACION PARA OBTENCION DE DOCUMENTACION

- a) Entidade: Concello de Poio: Servicio Contratación. Domicilio: Praza do Mosteiro, 1. Poio. Teléfono 770038, fax 771277.
- b) Data límite para obtención documentos e información: día anterior ó de remate de presentación de ofertas.

PRESENTACION DE PROPOSICIONS

No Rexistro Xeral do Concello, de 9 a 13,30 horas, durante o prazo de vinteseis días naturais contados a partir do seguinte ó da última publicación deste anuncio no BOP ou no DOG.

APERTURA DE PROPOSICIONS

Pola Mesa de contratación, no Salón de Sesións da Casa do Concello, ás 13,30 horas do terceiro día seguinte hábil que non cadre en sábado, ó de remate do prazo de presentación de ofertas.

GASTOS DE ANUNCIOS

Por conta do adxudicatario.

CRITERIOS DE ADXUDICACION

Os sinalados na cláusula 10ª do Prego.

Poio, 1 de xuño de 2001.—O Alcalde, Luciano Sobral Fernández.

4779

A N U N C I O

O Pleno deste Concello, en sesión realizada o día 29 de maio de 2001, acordou aprobar inicialmente o Regulamento do Consello Municipal de Cultura, quedando exposto a información pública neste concello, polo prazo de 30 días hábiles, a contar do seguinte ó da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da provincia, para audiencia dos interesados, e presenta-las alegacións oportunas, e de non presentarse ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente aprobado o mesmo, de conformidade co artigo 49 da Lei 7/85, de 2 de abril, na súa redacción dada pola Lei 11/99, de 21 de abril.

Poio, 4 de xuño de 2001.—O Alcalde, Luciano Sobral Fernández.

4840

* * *

PUENTEAREAS

E D I C T O

Habiéndose solicitado de esta Alcaldía por don José Domínguez Barciela, licencia municipal para a apertura de “Venta y almacén de productos agropecuarios”, a emplazar en Rocha, 55-Xinzo, cumprindo lo dispuesto por el apartado a), del número 2, del art. 30 del Reglamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas y Peligrosas de 30 de noviembre de 1961, se somete a información pública por período de diez días hábiles, a fin de que durante el mismo —que empezará a contarse desde el día siguiente al de la inserción del presente edicto en el Boletín Oficial de la provincia— pueda exa-